

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 21/07/2025**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 21/07/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14 de xullo de 2025, que se aprobou por unanimidade.

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA ACCIDENTAL**

MARÍA BERMÚDEZ OUTÓN

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2025/2815**

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo García Mauricio, en representación de Asociación Cultural D'Vuena e Animación Sociocultural Nydia, solicitando autorización para celebración dun mercado na Praza da Peixería, do 18 ao 22 de xullo de 2025, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na sede electrónica municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Conforme ao informe da Policía Local, deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

**PRP2025/2816**

Vista o escrito do Club Xadrez Fontecarmoa no que solicita autorización para a celebración dos TORNEOS NOCTURNOS XADREZ VERÁN ENROQUE, os vindeiros días 11 de xullo (Avda. da Mariña-Alameda) 1 de agosto (Rúa Arapiles-Praza Ravella) e 29 de agosto (Centro Comercial Arousa) do presente ano, así como a cesión de 25 mesas, 100 cadeiras, iluminación nos lugares de celebración e a elaboración da cartelería publicitaria do evento. Asemade o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración dos citados torneos nas datas e lugares expostos e aprobar a cesión do material solicitado.

Dar traslado aos departamentos do Concello que se relacionan das necesidades de colaboración:

- Mantemento da Fundación de deportes, para o traslado das 25 mesas do clube.
- Servizo Municipal de Obras para a cesión de 100 cadeiras
- Servizo de Electricidade para a posibilidade de reforzar a iluminación da Alameda e a rúa Arapiles.
- Servizo de Comunicación, para a elaboración da cartelería publicitaria do evento.

Así mesmo comunícase ao Club Xadrez Fontecarmoa que previo ao inicio da citada actividade (antelación de 72 horas) deberá presentar póliza de Responsabilidade Civil e seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

**PRP2025/2817**

Dáse conta de solicitude de Sandra Jul Chousa, para autorizar a ocupación da explanada exterior de Fexdega, para pernoctar 50 autocaravanas os días 9, 10, 11 e 12 de xullo de 2025 ata as 18:00 horas, IV Ruta de Autocaravanas Yakart Camino de Santiago.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/2968**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música e un altavoz, poñer unha pulpeira ou asar churrasco na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en Arzobispo Gelmirez nº36, os días 24, 25 e 26 de xullo de 2025, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30 horas, con motivo da festividade de Santiago Aposol.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario será de 12:30 a 14:30 e de 20:00 a 00:00.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2025/2892**

Dáse conta da publicación do Real Decreto 635/2025, de 15 de xullo, por lo que se modifica o Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas a financiación do Plan Nacional de Sostenibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

A resolución modificadora resolve:

Artigo único. Modificación do Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Modifícase o artigo 6 do Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 6. Prazo de Execución.

O prazo de execución das actuacións subvencionables obxecto deste real decreto será ata o 30 de maio de 2026. A xustificación das actuacións deberá estar finalizada con data límite do 30 de xuño de 2026.»

Disposición final primeira. Habilitación para a ampliación de prazo. Habilitase á Secretaria de Estado de Turismo para o ditado das resolucións que procedan en aras á aplicación da ampliación dos prazos que a presente modificación prevé.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local queda sabedora da modificación da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino, nos termos anteditos.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2025/2811**

Dáse conta da proposta da Concellería de Educación relativa ao gasto de 11 vinilos a instalar en marquesinas das paradas de bus:

A Comisaría da Policía Nacional organizou o CONCURSO DE CARTEIS CONTRA O BULLYING, dirixido ao alumnado de 6º de Primaria dos colexios de Vilagarcía.

Solicitouse a colaboración do Concello para a difusión do evento, do ofrecemento dun espazo ou parede onde poder reproducir o cartel gañador e facer unha exposición de todos os carteis.

Forn 11 os traballos presentados ao concurso. O gañador resultou ser o CEIP AREALONGA. O seu cartel vai ser reproducido no muro que está a altura da Praia de Canelas.

Para expoñer tódolos carteis, esta Concellería pretende facer un vinilo de cada un deles que logo serán colocados nas marquesinas das paradas de autobús, un espazo no que se alcanza unha grande visibilidade.

Solcicitouse presuposto á empresa BAÑOS PRINT, S.L., que presenta o que se achega e que

ascende a 2.036,43 (IVE engadido).

Visto o que antecede a Xunta de Goberno acorda contratar á empresa BAÑOS PRINT, S.L. a impresión de 11 vinilos, dos traballos presentados ao CONCURSO DE CARTEIS CONTRA O BULLYING, por un importe de 2.036,40 (IVE engadido), con cargo á aplicación orzamentaria 320-22602.

### **PRP2025/2813**

Vista a proposta do Director Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización de actividades de dinamización da lectura, no marco do programa "Ler Conta Moito"(resolución de 27 de marzo polo que se concede ó Concello de Vilagarcía de 802,46 euros, co que financiar o 75% do custo das actividades, para xustificar un gasto mínimo de 1.069, 95 euros), con cargo á partida 3321.22609, coa seguinte desagregación:

-Espectáculo de maxia: Magia en la Maga S. Coop. Galega, con CIF F72962020, por un importe de 500,00 euros (IVE incluído).

-Contacontos: Soraya Lema Carballo, con NIF 78804450X, por un importe de 280,00 euros (IVE incluído).

-Obradoiro de máscaras: Nazaret López Hombreiro, con NIF 76828749D, por un importe de 250,00 euros (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **SANIDADE**

### **PRP2025/2810**

Dáse conta da Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade sobre o establecemento dun réxime específico de prestación de servizos de taxi, que posibilite que vehículos adscritos e autorizacións VT nos Concellos de Cambados, Caldas de Reis e Vilanova de Arousa, realicen servizos con orixe en Vilagarcía de Arousa, por mor do evento A Festa da Auga 2025, que terá lugar o 16 de agosto de 2025 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

### **PRP2025/2889**

Coa finalidade de colaborar dunha forma activa na protección dos montes do municipio apoiando a posta en marcha de proxectos forestais que persigan a finalidade de defensa e protección do monte contra os incendios forestais, este Concello convoca para as comunidades de montes veciñais en man común dende hai anos as axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios.

A Convocatoria das axudas ten como fundamento as bases para axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios do Concello de Vilagarcía de Arousa. As bases correspondentes á convocatoria 2025, incorpóranse ao expediente de referencia a efectos da súa aprobación e convocatoria das axudas.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- a) A aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións destinadas A PROXECTOS DE ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E/OU OBRA FORESTAL DESTINADAS Á PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA 2025.
- b) A aprobación da convocatoria das axudas correspondentes ao exercicio 2025, segundo as bases reguladoras anexas, incorporadas ao expediente.
- c) Autorizar o gasto por importe de 85.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 1720-489 do orzamento municipal vixente.
- d) Ordenar a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e a posterior publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) conforme ao artigo 20 da lei 38/2003, do 17 de novembro

## **CULTURA**

### **PRP2025/2826**

A concellaría de Cultura ten programada a exposición “INTROSPECCIÓN” do artista plástico vilagarcían Fernando Quintela.

A exposición estará aberta ao público do 19 de xuño ao 31 de xullo de 2025, en horarios de luns a sábados de 10:30 a 13:30h e de 18:00 a 21:00h.

A fase de montaxe e desmontaxe comeza unha semana antes da inauguración e remata na seguinte desde a clausura.

A exposición conta cun total de 23 cadros onde o autor fai un exercicio de autointrospección a través da paisaxe.

As obras que forman parte desta exposición alcanzan un valor estimado polo autor de 8.350,00€. - (oito mil trescentos cincuenta euros) e non son cubertas pola póliza xeral de RC do Concello, polo cal necesitan dun seguro específico, tal e como ven sendo costume neste tipo de exposicións artísticas.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por HISCOX SA, para asegurar o contido artístico desta exposición ascende a un total 214,14€.- (DOUSCENTOS CATORCE CON CATORCE EUROS) (Prima neta: 198,00€+Impostos: 16,14€+ CCS: 0,00€), con cargo á partida 334-224.

A data da cobertura é desde o 16 de xuño ao 8 de agosto de 2025, para que cubra a montaxe e desmontaxe da exposición.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2025/2828**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA SA a realización das revisións técnicas das atraccións de feira durante as Festas de San Roque 2025, por un importe total de 11.979,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799:

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2025/2848**

En Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 19-05-2025 acorda aprobar o orzamento para a celebración das festas de Santa Rita 2025, por un importe total de 28.090,34€

(PRP2025/1945)

Na táboa de relación de gasto establecece un importe de 5.000,00€ (estimativo) para prensa, radio, tv. etc.

Unha vez presentadas as facturas correspondentes de gasto de prensa, radio, tv.. a cantidade estimativa indicada na táboa de 5.000,00€, resulta insuficiente para facer fronte o total do gasto, superándose a cantidade de 190,90€.

Polo exposto

A Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de data 19-05-2025, correspondente o gasto de prensa, radio, tv., ampliando a cantidade establecida no mesmo (5.000,00€) en 190,90€ para poder o aboamento da factura pendente de trámite (FARO DE VIGO S.A. por importe de 556,60€), dado que non existe saldo suficiente.

### **PRP2025/2849**

Vista a solicitude de Don David Tubio Da Silva e/n Comisión de Festas o Piñeiro Santa Mariña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello coas seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa Mariña en O Piñeiro, os 18 e 19 de xullo de 2025:

| NOME                                                                 | C.I.F.    | DIA ACTUACIÓN | IMPORTE |
|----------------------------------------------------------------------|-----------|---------------|---------|
| GRUPO DE GAITAS DO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO STA. PLÁCIDA – gaitas | G36114502 | 18-07-2025    | 391,00€ |
| ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS DE SOBRADELO<br>Gaitas e Baile               | G36043933 | 19-07-2025    | 391,00€ |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2025/2850**

Vista a solicitude de Don Javier Quintáns Berridi e/n Cofradía Pescadores Santiago Apóstol, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello coas seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carne en Carril o vindeiro día 16 de xullo de 2025:

| NOME FISCAL                           | CIF       | DÍA ACTUACIÓN | IMPORTE |
|---------------------------------------|-----------|---------------|---------|
| ASOC. CULTURAL POLIFÓNICA DE VILAXOÁN | G36446862 | 16-07-2025    | 585,00€ |
| ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DO CARRIL | G94006004 | 16-07-2025    | 350,00€ |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de

taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2025/2851**

Vista a solicitude de Don Joaquín Santos Pérez e/n Confraría de Pescadores de Vilaxoán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello coas seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carne en Vilaxoán, os vindeiros 19, 20 e 21 de xullo de 2025:

-ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA -Grupo de gaitas- C.I.F.: G-36436947

DÍAS ACTUACIÓN:

19-07-2025: 391,00€

20-07- 2025: 391,00€

21-07-2025: 391,00€

IMPORTE: 1.173,00€

-ASOCIACIÓN CULTURAL POLIFÓNICA DE VILAXOÁN - CORAL- C.I.F.: G-36446862

DÍA ACTUACIÓN:20-07-2025

IMPORTE: 585,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comúncaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2025/2852**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da actividade denominada "Noite Meiga 2025", o día 30 de agosto de 2025, cun orzamento estimativo de 10.332,38 €, con cargo á partida 338.22609, coa seguinte desagregación:

| NOME FISCAL                                                                                      | C.I.F.    | CONCEPTO                                                | IMPORTE                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|---------------------------------------------------------|--------------------------|
| NOR IBÉRICA DE BEBIDAS S.L.                                                                      | B32309817 | Subministro de augardente                               | 5.749,92€                |
| ALFARERÍA ALTO DO COUSO S.L.                                                                     | B32199887 | Subministro de material (pozos, cuncas queimada, cazos) | 3.383,16€                |
| CONFITERÍA ANCLA S.L.                                                                            | B36104180 | Subministro Rosquillas                                  | 699,30€                  |
| COMPRA DE MAATERIAL PARA PREPARACIÓN QUEIMADA e PALLOZAS (café, azúcar, servilletas, manteis...) |           |                                                         | 500,00€*<br>(estimativo) |
|                                                                                                  |           | TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)                                | 10.332,38€               |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2025/2866**

Dáse conta da sinatura do convenio para a concesión directa de subvención pública a Asociación Curtas Film Fest, por un importe de 55.000,00 €, con cargo á partida 334.48002, que ten por obxecto subvencionar a 53 edición do "Curtas Festival do Imaxinario 2025".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda recoñecera a obriga e ordenar o pago correspondente ao 50% do importe concedido (27.500,00€), de conformidade co establecido na cláusula sétima do citado convenio.

#### **PRP2025/2867**

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2025. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obrigación a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, polo importe de 23.134,50 €, de conformidade co establecido nas cláusulas do propio acordo económico cultural:

- 19.384,50 € con cargo á partida 334.48205
- 3.750,00 € con cargo á partida 334.78000.

#### **PRP2025/2901**

Dáse conta do contrato de patrocinio asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa Gadisa Retail S.L.U. para colaboración das Festas de San Roque 2025, aportando a empresa a cantidade de 2.350,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2025/2863**

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial, de aprobación do texto de modificación do Convenio PON2030, que cofinancia a obra de ampliación de piscinas municipais, aumentando o prazo de execución.

Quedando a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, redactada do seguinte xeito: "O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 31 de marzo de 2026. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses dende a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de agosto de 2026. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2025/2886**

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Obras para adxudicar o contrato menor de obras de substitución de tubaxe actual en fibrocemento por tubaxe de fundición nun tramo da Avda das Carolinas:

Na Avda. das Carolinas, as roturas na rede xeral de Abastecemento están a ser constantes provocando molestias e numerosas reclamacións debido aos cortes do servizo necesarios que os veciños teñen que soportar durante os labores de reparación. Este problema increméntase coa chegada da época estival e o aumento da poboación no noso municipio.

Trátase dunha rede de fibrocemento Ø250 mm moi antiga e que chegou ao final da súa vida útil. Por este motivo, decidiuse a substitución da devandita rede de abastecemento, para o que se redactou proxecto técnico polo enxeñeiro municipal don Óscar Álvarez González, cun orzamento



de 48.318,35€ (IVE engadido).

Consta no expediente comunicación á Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra, para acometer as obras con carácter de urxencia (nº de registro REGAGE25e00059942209, Fecha de recepción: 2025-07-08 12:40:59).

Considérase un prazo de execución de 2 meses para a completa realización dos traballos.

O valor estimado do contrato é de 39.932,52 €.

Visto o anteriormente exposto, foi solicitada oferta á mercantil Espina & Delfín, S.L., que remite a seguinte oferta:

| Licitador             | Oferta (IVE excluído) | Oferta (IVE engadido) |
|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| Espina & Delfín, S.L. | 39.402,54€            | 47.677,07€            |

Tendo isto en conta,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Obras de substitución de tubaxe actual en fibrocemento por tubaxe de fundición nun ductil ø 300 mm nun tramo da Avda. das Carolinas”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, cun orzamento de execución por contrata de 47.704,25 €.

2.- Adxudicar o contrato menor de “Obras de substitución de tubaxe actual en fibrocemento por tubaxe de fundición nun ductil ø 300 mm nun tramo da Avda. das Carolinas” á mercantil Espina & Delfín, S.L., por importe de 39.402,54 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.274,53€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 47.677,07 €, con cargo ás partidas orzamentarias 161-61900 Prox.: 2024/4/OBRA/6 (20.456,32€) e 161-62900 Prox.: 2018/2/OBRA/5 (27.220,75€).

3.-Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra do investimento denominado do investimento “Obras de substitución de tubaxe actual en fibrocemento por tubaxe de fundición nun ductil ø 300 mm nun tramo da Avda. das Carolinas”.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2025/2893**

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº DEZAOITO E FINAL (2024/7731), derivada da execución do contrato de obras denominado "REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2024/7487), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2022-2-REACP-1-1 por importe de 164.798,58€.

Visto que no expediente consta a conformidade técnica.

Visto o informe final de obra do Director de Obra da última certificación, xustificativo do importe obxecto de variacións.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención municipal acorda:

1.- Aprobar as referidas variacións e polo tanto o aumento do importe adxudicado por un total de 164.798,58€.

2.- O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº DEZAOITO E FINAL (2024/7731), derivada da execución do contrato de obras denominado "REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2024/7487), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2022-2-REACP-1-1 por importe de 164.798,58€, coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Doc.       | Fecha Dto. | Importe    | Nome                 | Texto Explicativo                                                                         | Progr. | Econ. |
|------|------------------|------------|------------|----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|
| 7731 | DEZAOITO E FINAL | 25/10/2024 | 164.798,58 | OBRAS GALLAECIA S.L. | CERT. DEZAOITO E FINAL. OBRA REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL | 3321   | 63200 |

#### PRP2025/2894

Visto o expediente integrado pola factura con R.E. 2025/185, derivada da execución do contrato de obras denominado "CONSTRUCCIÓN DE SOPORTAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE BAMIO", por importe de 26.498,87€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

Visto o informe final de obra do Director de Obra xustificativo do importe obxecto de variacións.

A Xunta de Goberno Local previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1.- Aprobar as referidas variacións e polo tanto o aumento do importe adxudicado por un total de 1.088,87€.

2.- O Recoñecemento de obriga para a factura con R.E. 2025/185, derivada da execución do contrato de obras denominado "CONSTRUCCIÓN DE SOPORTAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE BAMIO", por importe de 26.498,87€, coa seguinte desagregación:

| REX.       | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe   | Tercero   | Nome                         | Texto Explicativo                                                                 | Progr. | Econ. |
|------------|------------|------------|-----------|-----------|------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|
| F/2025/185 | F01 0054   | 20/12/2024 | 26.498,87 | A36229557 | PLANIF. D. GESTION CONST. SA | CERTIFICACIÓN 1ª Y FINAL: CONSTRUCCIÓN DE SOPORTAL EN EL CAMPO DE FUTBOL DE BAMIO | 342    | 63200 |

#### PRP2025/2896

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº CATRO (2025/5011), derivada da execución do contrato de obras denominado "HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2025/5012), por importe de 21.770,27€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

A Xunta de Goberno Local previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1.- O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra Nº CATRO (2025/5011), derivada da execución do contrato de obras denominado "HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2025/5012), por importe de 21.770,27€, coa seguinte desagregación:

| REX.        | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe   | Tercero   | Nome                                     | Texto Explicativo                                            | Progr. | Econ. |
|-------------|------------|------------|-----------|-----------|------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|--------|-------|
| F/2025/5011 | CATRO      | 10/07/2025 | 21.770,27 | B36533537 | MOVIM. DE ARIDOS Y CONST. DE AROSA, S.L. | CERTIF. CATRO OBRA CONDE VALLELLANO"" PROX: 2024/2/POS24/7/1 | 459    | 61900 |

#### PRP2025/2897

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº DOCE (2025/5017), derivada da execución do contrato de obras denominado "CONSTRUCCIÓN DO NOVO SKATEPARK DE VILAGARCÍA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2024/4748), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2021/2/PREST/6/1 por importe de 222.565,89€.

Visto que o expediente consta coa conformidade técnica.

A Xunta de Goberno Local previa fiscalización da Intervención municipal, acorda:

1.- O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° DOCE (2025/5017), derivada da execución do contrato de obras denominado "CONSTRUCCIÓN DO NOVO SKATEPARK DE VILAGARCÍA", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2024/4748), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2021/2/PREST/6/1 por importe de 222.565,89€, coa seguinte desagregación:

| REX.        | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe    | Nome                        | Texto Explicativo                                                                                                  | Progr. | Econ. |
|-------------|------------|------------|------------|-----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------|
| F/2025/5017 | DOCE       | 30/06/2025 | 222.565,89 | PRACE SERVICIOS OBRAS, S.A. | CERTIF. DOCE (4 A 11 IMPORTE 0,00) DA OBRA ""CONSTRUCCIÓN DO NOVO SKATEPARK DE VILAGARCIA"" PROX: 2021/2/PREST/6/1 | 171    | 61900 |

### PRP2025/2919

Visto o expediente de gasto INT/2025/390 integrado pola relación de xustificantes F/2025/137 por importe de 6.874,76 €.

A Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención Municipal acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2025/137 por importe de 6.874,76 € coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Tercero   | Nombre                            | Texto Explicativo                                                                                                                       |
|---------------|-----------------|------------|---------------|----------|-----------|-----------|-----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| F/2025/4189   | 1347 251102133  | 20/06/2025 | 378,97 €      | 454      | 210       | B12019659 | BAYGAR, S.L.                      | TABLERO TRICAPA AMICO DREVO SD1 2000x500x27                                                                                             |
| F/2025/4196   | G0VF- 2101      | 06/06/2025 | 208,36 €      | 334      | 213       | 35432683X | GANDARA GONZALEZ, JUAN A.         | N Albarán: G11A / 7053<br>Fecha:12 / 05 / 2025 /<br>INJERTO A TUBO 160 / 110 -<br>90 GRIS / TAPON<br>REDUCCION SIMPLE M. H.<br>110 / 5  |
| F/2025/4197   | G0VF- 2102      | 06/06/2025 | 52,61 €       | 164      | 22199     | 35432683X | GANDARA GONZALEZ, JUAN A.         | N Albarán:G11A / 7009<br>Fecha:28 / 04 / 2025 /<br>VALVULA ESFERA<br>MANGUERA 1 / 2X3 / 4 /<br>DESCARGADOR C / TIRANTE<br>PULSADOR ENRA |
| F/2025/4198   | G0VF- 2103      | 06/06/2025 | 7,25 €        | 320      | 213       | 35432683X | GANDARA GONZALEZ, JUAN A.         | N Albarán:G11A / 7014<br>Fecha:29 / 04 / 2025 /<br>VALVULA LAVABO-BIDE 1 1 /<br>2X70                                                    |
| F/2025/4215   | RM 251143       | 24/06/2025 | 19,36 €       | 454      | 213       | B94166782 | RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L. | HACER LATIGUILLO 1/4""                                                                                                                  |
| F/2025/4453   | 0 7181          | 22/06/2025 | 65,85 €       | 320      | 213       | B36630085 | COMERCIAL BASTOS, S.L.            | ABRAZADERA ACERO INOXIDABLE M8-3/4 (26-31) ( ABRAZADERA ACERO INOXIDABLE M8-3/4 (26-31) ) / TUERCA REDUCCION LATON 1-3/4                |
| F/2025/4454   | 0 7182          | 22/06/2025 | 137,38 €      | 1722     | 22199     | B36630085 | COMERCIAL BASTOS, S.L.            | GRIFO TEMPORIZADO LAVABO PRESTO 605 ( GRIFO TEMPORIZADO LAVABO                                                                          |
